

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA**  
**CELEBRADA O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2010**

Sres. Asistentes :

ALCALDE-PRESIDENTE

DONA M<sup>a</sup> DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ

CONCELLEIROS

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO

DONA M<sup>a</sup> VICTORIA HIERRO LORENZO

D. MARCELINO ABUÍN DURO

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. JOSÉ RAFAEL MEMBRIVES ROJAS

DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

DONA M<sup>a</sup> TERESA REY BARREIRO MEIRO

DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS

D. JAIME RAMOS LORENZO

D. JESÚS PÉREZ ARCA

D. MANUEL ANGEL TARRÍO FERNÁNDEZ

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

DONA ANA ISABEL LORENZO FRAGA

DONA ROSA MARÍA ABUÍN RODRÍGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

DONA M<sup>a</sup> DOLORES CUEVAS RIVAS

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dez horas e cinco minutos do día 18 de outubro de 2010, baixo a Presidencia de DONA M<sup>a</sup> DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ, e coa asistencia da Secretaria DONA ROSA LOSADA SUÁREZ e da Interventora DONA CARMEN GÓMEZ OTERO, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día do seguinte xeito:

- 1.- Aprobación, se procede, de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 1/2010.
- 2.- Aprobación, se procede, do Expediente de Modificación de Créditos por crédito extraordinario nº 3/2010.
- 3.- Aprobación, se procede, do Expediente de Modificación de Créditos por crédito extraordinario nº 4/2010.
- 4.- Aprobación, se procede, do expediente de Modificación de Créditos por crédito extraordinario nº 5/2010.
- 5.- Aprobación, se procede, do Expediente de Modificación de Créditos por crédito extraordinario nº 6/2010.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2010.-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica – RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 18 de outubro de 2010, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do teor literal seguinte:

*De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigacións procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.*

*Existen créditos procedentes do exercicio do ano 2009 e algunha de exercicios anteriores que se encontran nas seguintes situacións:*

*-Gastos realizados sen existencia de crédito presupostario no exercicio correspondente (2009 e anteriores), ou que habendo crédito foron entregados no Concello unha vez finalizado o exercicio correspondente.*

*-Expedientes de gastos realizados no exercicio 2009 ou anteriores, que por diferentes motivos estaban sen tramitarse, sendo imposible, polo tanto a aplicación ó presuposto correspondente.*

*Tendo en conta que, no orzamento vixente (orzamento 2009 prorrogado) existen ós créditos necesarios ao nivel de vinculación xurídica para afrontar estes gastos por importe de 647.688,24 euros , que os gastos están efectivamente realizados e en aras a evitar un prexuízo para os provedores,*

*Logo de ver os Informes de Intervención Ref CV-232/2010, e 250/2010 de asunto xustificación das subvencións nominativas “ Asociación Recreativo Cultural A Repichoca”, e “Liceo Casino Vilagarcía”, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importes de 15.000 euros e 6.000 euros e con cargo ás partidas que se especifican nos ditos Informes, esta Alcaldía-Presidentencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:*

*“Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2010, e as relacións de facturas por importes de 647.688,24€ correspondentes ós gastos citados anteriormente, así como o recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente á xustificación das subvencións nominativas*

*“Asociación Recreativo Cultural A Repichoca”, e “Liceo Casino”, por importes de 15.000 euros e 6.000 euros, con cargo ás partidas do Presuposto do exercicio 2010 (Orzamento 2009 prorrogado), a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran no Anexo ó expediente e nos Informes de Intervención”.*

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.S.de G- PSOE e B.N.G. informan favorablemente.*

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e, polo tanto, abstéñense.*

*Os representantes do Grupo Político Municipal do PP informan negativamente.*

*En consecuencia, e co voto de calidade do Presidente da Comisión, informase favorablemente o Recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 1/2010.*

*- Toma a palabra a Sra. Alcaldesa indicando que se traen a pleno estes expedientes por responsabilidade e para pagar ós provedores canto antes.*

*- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que é un pleno bis e que debería explicar porqué se convoca este pleno e se non podían estes asuntos ir ó próximo pleno ordinario, xa que, non se argumentou o motivo deste pleno pois só cambia o primeiro punto.*

*As facturas son responsabilidade do goberno, a Alcaldesa apela á oposición para o orzamento, para o Regulamento Orgánico, pero logo para que gobernan. As variacións son de*

determinadas facturas que lle obrigaban a absterse no pleno anterior e agora teñen que votar. O P.P. presentou alternativas e non se lles contestou. Prestáronse para colaborar no orzamento de 2011. Para que lle valen as decisións plenarias, rexéitanlle os asuntos en agosto, en setembro non traen os asuntos, e agora tráennos este pleno convocado por un correo electrónico e non hai ningunha variación nos expedientes agás o primeiro.

Aínda que foran partidas plurianuais podíanse consignar no orzamento de 2011 e iso dixémolo en agosto de 2010 e pedímoslle 7 documentos para saber a situación económica real do Concello, e pregunta se van a traer os novos orzamentos para non endebedar máis a Vilagarcía. Díxose que unha subvención se faría con fondos propios e agora tráese cunha operación de crédito.

No informe de intervención dos créditos recoñecidos dise que se estan fragmentando as facturas e logo outras facturas de 19.000 € de propaganda e publicidade ou 52.000 € de Cultura e a Alcaldesa dixo que en 2007 e 2008 non traerían créditos recoñecidos e agora despois de todo isto apela á responsabilidade e pide a aprobación destes expedientes. A ousadía da Alcaldía é moi grande debe ser por non volver a presentarse. Atopámonos nun pleno igual ó de agosto, Non vale dicir que se vaia prexudicar os servizos ós cidadáns se non se aproban. Vanse sentir prexudicados se se aproban, van ter que pagar intereses, traian os orzamentos de 2011 con estes expedientes nese documento, pero se non queren traballar é a súa responsabilidade.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que están ante un pleno de dislexia política, son os mesmos temas de agosto e estamos a mediados de outubro e son incapaces de sentarse con EU-IU. Vostedes non falan con esta organización, pero apareceron en comelladas e brindes, pero para falar con EU-IU non tiveron tempo a non ser que pactaran con outro grupo, que é lícito.

É incomprendible que non se preguntase antes sobre o horario e o día para asistir a este pleno extraordinario.

A posición do seu grupo é a mesma, pois trátase de aprobar uns orzamentos sen ter orzamentos. Hai posibilidade de negociación con EU-IU nas taxas e impostos municipais porque non as discutimos para gravar a aqueles que teñen máis capacidade económica, non hai centros de día, nin xeriátrico. Hai deixadez absoluta, teñen que demostrar que son capaces de gobernar. Hai un ano prométenos o P.P. un millón de euros para as urxencias do Hospital do Salnés e non hai nada. Onde está o centro médico, a Xunta de Galicia sacou varios centros médicos e ningún en Vilagarcía. Cando estaban na oposición dicían que ían mellorar a seguridade. Coas rotondas de Vilagarcía a Xunta de Galicia só dixo que ía facer un estudo. Estamos na mesma posición que antes e non se pode dicir que non se paga por culpa de Tomás Fole ou de Juan Fajardo.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo sinalando que se trata dunha convocatoria con nocturnidade e aleivosía e debería haber algún contacto previo. Continúa dicindo que estiveron sempre dispostos a falar e marxinóusenos, recoñece que conseguiron por fin grande parte dos antecedentes económicos do concello e seguen sen tramitar a liquidación de 2009. Aínda non finalizaron o estudo das contas municipais. Fíxose caso omiso ós consellos de austeridade, non se controlou o gasto corrente nin as compras e tolo elo condiciona a xestión das próximas corporacións nun momento de crise por iso quere sacar un compromiso de conxelar as taxas e impostos para 2011. Corrixíuse a relación,excluíronse determinadas facturas que eran os motivos da súa oposición. Algúns provedores chamaron á súa porta porque estaban

preocupados polo seu futuro, incluso algúns se viron obrigados a non vender ó Concello, algo que nunca ocorreu.

Concluindo, están en desacordo co gasto excesivo en determinadas concellarías, asesorías, “historias”, e tempo haberá de esixir responsabilidades.

- Intervén a Sra. Hierro Lorenzo indicando que están traendo os mesmos asuntos de agosto para que os provedores cobren. Se esperan ata o 2011 vaise a prolongar meses, e están apelando á responsabilidade pois son obras plurianuais aprobadas en anos anteriores.

En relación ó recoñecemento extraxudicial de crédito, hai facturas presentadas fóra de prazo a oposición está faltando á verdade, saben que é así e politicamente teñen que facelo. O contacto con EU-IU é imposible, xa que é imposible comunicarse por teléfono, moitas veces non son capaces de poñerse e contacto, e neste caso non se puxeron.

- Intervén a Sra. Alcaldesa contestando ao Sr. Fole Díaz que é un pleno extraordinario, e que él faría o mesmo. Aínda que renuncie a presentarse ás eleccións, non se mete na cama, segue traballando. Como Alcaldesa ten como responsabilidade fianciar esas estas inversións, que xa están feitas. Ás empresas hai que pagarlles para que non entren en ERE. Cando van a actos é un domingo, un sábado ou pola noite.

Hai momentos que están ocupados, traballando cos veciños. Se tiveran algo argallado terían aproveitado outras oportunidades. Non tratan de ocultar nada, está pendente o ano 2009 e non poden facilitar o solicitado polo Sr. Fole, pois eran datos do ano 2009. E practica habitual que á hora de tramitar un expediente as xustificacións non chegan a tempo, hai erros nas facturas, etc., Os empresarios se van a un contencioso hai que pagar o principal e xuros.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Pleno Ordinario pode valer para presentar o Grupo de Goberno dimisión en bloque. O orzamento de 2011 non é falar por falar, como di a Sra. Hierro, o recoñecemento extraxudicial, dise que é habitual e tamén é habitual presentar os Orzamentos en prazo. Di que se fai un pleno extraordinario porque cando governe o PP o vai a facer. Xa recoñece que o PP vai a gobernar e indica que él seguramente non faría o mesmo e traería os orzamentos en prazo.

Que forma de xestionar teñen. O 31 de outubro ten que presentar os Orzamentos do 2011 pero hai escasez de traballo, demoras no Plan E, Luz Salgada, etc.

Ao Sr. Rivera déronlle a documentación pero ao PP non. Pediron unha copia do informe de Intervención do orzamento de 2010, o 3 de setembro, informe que ten a Sra. Alcaldesa enriba da mesa e pídelles que mañá pola mañá lles de unha copia do informe, pois teñen dereito á información, e se non ten feitas as contas do 2009, está feito o informe de Intervención e por eso non traen os Orzamentos ao Pleno, e están conculcando os seus dereitos e debe darlle o informe. Xa chega de demagogia e que se diga que a culpa e do PP, por non pagar as facturas, pois é mentira.

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que sempre predicou co exemplo, polos feitos os vulgarán a todos. Non sabe se chegará a gobernar o PP, non está incumprindo nada e non pensa entregarlle ese informe. Facilita toda a información que chega a Pleno e incluso pódese falar cos técnicos e cos servizos.

Asume o atraso como máxima responsable, é un tema de Pleno, noutras administracións o recoñecemento o fai o Goberno, pois existe un control posterior do Tribunal de Contas e Consello de Contas. Isto non significa que non se vaia a facer o Orzamento de 2011. O Grupo de Goberno non ten en mente incrementar as taxas e impostos no ano 2011.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso indicando que a uns meses das eleccións pactan co Sr. Rivera Mallo, é un retroceso nas posturas de esquerdas. A conxelación non é de esquerdas, ten que haber maiores ingresos para quitar diñeiro a quen ten diñeiro. Non contactan con EU-IU porque non van a mudar a súa política económica reaccionaria. Os contribuíntes con poucos ingresos van a pagar o mesmo que os que teñen maiores ingresos. O non sentarse a negociar con EU-IU e para seguir coa política de antes e coas festas que se inventa o Sr. Castro Ratón, e todo o demais e obviar o debate. Se hai dificultades que paguen os de sempre.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que IVIL sempre está no seu local de traballo e é fácil falar con el. Por un lado está o despilfarro e o interés dos provedores e indica que vai a votar en conciencia e non se vai a someter a presión.

Quere aclarar que ven ao Concello a traballar por Vilagarcía, sen ningún outro interese, e sóalle mal o de dereita reaccionaria, o único que faltará e que se lle impuxera o que debe votar. Non hai pacto nin acordo, pero que tería de malo falar para pagar a provedores. Nunca pediu nada a cambio.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal de IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3)

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade da Sra. Alcaldesa

**ACÓRDASE:**

“Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2010, e as relacións de facturas por importes de 647.688,24€ correspondentes ós gastos citados anteriormente, así como o recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente á xustificación das subvencións nominativas: “Asociación Recreativo Cultural A Repichoca”, e “Liceo Casino”, por importes de 15.000 euros e 6.000 euros, con cargo ás partidas do Presuposto do exercicio 2010 (Orzamento 2009 prorrogado), a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran no Anexo ó expediente e nos Informes de Intervención”.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2010.-**

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica –RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de agosto de 2010, do seguinte teor:

*“Dáse conta da Memoria da Alcaldía seguinte:*

*MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA INCLUÍDA NO EXPEDIENTE 3/2010 DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO MEDIANTE OPERACIÓN DE CRÉDITO.*

Tendo incoado expediente de concesión de crédito extraordinario número 3/2010 por importe de 811.498.28 euros que debe de financiarse mediante a concertación dunha operación de crédito, ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos relativos a:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN
033/04	REVISIÓN PXOUM
07/031/08	MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTORICOS AROUSA XXI
040/09	PERMUTA EDIFICIO CASTELAO
02/031/08	HUMANIZACION CASCOS HISTORICOS VILAXOAN CARRIL AROUSA XXI
022/08	BEIRARUAS MUNICIPIO: OS DURANS, O PIÑEIRIÑO, CAMILO JOSE CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA
09/031/08	NORMALIZACION MOBILIARIO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTORICO AROUSA XXI

Inversións que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, propoño a súa aprobación ó Pleno da Corporación, para o cal presento a seguinte

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**  
**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Elaborada segundo as prescricións do artigo 37.2 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril.

- I. A modificación de crédito da cal se propón a aprobación ó Pleno da Corporación é a de crédito extraordinario e suplemento de crédito dada a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no nivel de vinculación xurídica das partidas de imputación.
- II. As partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito mediante a presente modificación orzamentaria é a seguinte: :

PARTIDA ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
159.62700	Program. Europeos-Inv. Nova en proxectos complexos	166.938,75
161.61900	Saneamento, Abastecemento e distribución de augas – Outras inversións de reposición e infraestrutura.	2.220,30
341.62200	Prom. Fomento Deporte- Inv. Nova en edificios e outros const.	124.319,23
453.61900	Estradas – Outras inversións de reposición en infraestrutura	518.020,00
<b>TOTAIS</b>		

- III. En canto ó financiamento este realizarase integramente con cargo a unha operación de crédito.

IV. - A modificación de crédito iría destinada a financiar a aportación municipal das seguintes inversións, e polo importe que de seguido se indica:

1.- DENOMINACIÓN: REVISIÓN DO PXOUM. (033/04)

- IMPORTE: 166.938,75 euros

- PRAZO DE EXECUCIÓN: plurianual

- PARTIDA: 159-62700

- FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

2.- DENOMINACIÓN: MELLORA REDE SANEAMENTO NOS CASCOS HISTÓRICOS AROUSA XXI (07/031/08).

- IMPORTE: 2.220,30 euros

- PRAZO DE EXECUCIÓN: plurianual

- PARTIDA: 161-61900

- FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

3.- DENOMINACIÓN: PERMUTA EDIFICIO CASTELAO (040/09)

- IMPORTE: 124.319,23 euros.

- PRAZO DE EXECUCIÓN: Plurianual

- PARTIDA: 341-62200.

- FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

4.- DENOMINACIÓN: HUMANIZACIÓN CASCOS HISTÓRICOS VILAXOÁN –CARRIL.AROUSA XXI (02/031/08)

- IMPORTE: 185.120,00 euros

- PRAZO DE EXECUCIÓN: Plurianual.

- PARTIDA: 453-61900.

- FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

5.- DENOMINACIÓN: BEIRARÚAS MUNICIPIO: OS DURÁNS, O PIÑEIRIÑO, CAMILO JOSÉ CELA, CALLE AROUSA A XUNQUEIRA. (022/08)

- IMPORTE: 300.900,00 euros

- PRAZO DE EXECUCIÓN: Plurianual.

- PARTIDA: 453-61900.

- FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

6.- DENOMINACIÓN: NORMALIZACIÓN MOBILIARIO URBANO E ILUMINACIÓN CASCOS HISTÓRICOS AROUSA XXI (09/031/08)

- IMPORTE: 30.000,00 euros

- PRAZO DE EXECUCIÓN: Plurianual.

- PARTIDA: 453-61900.

- FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

- V. *O carácter urgente e inaprazable do gasto a realizar xustifícase, por corresponder á aportación municipal correspondente á anualidade 2010 de gastos de investimento de carácter plurianual previstos e aprobados no seu día polo Pleno da Corporación.*

*Trátase na súa maioría de investimentos financiados en parte con fondos procedentes de outros entes públicos, englobados en programas como o Arousa XXI, nos que en todo caso estamos sometidos ó cumprimento duns prazos de xustificación.*

*Por outro lado trátase tamén de dotar a estes investimentos do importe necesario para cubrir a subida nos tipos impositivos do IVE e para os que non pode ser utilizado o remanente derivado nas baixas por adxudicación.*

*A imposibilidade de demoralo ata o exercicio seguinte é evidente si temos en conta que a demora que se produciría na execución das obras prexudicaría ós servizos municipais e por elo ós habitantes do municipio, por non poder prestarse os servizos de xeito adecuado.*

- VI. *As partidas de imputación 159-62700, 161-61900, 341-62200, 453-61900 carecen de crédito a nivel de vinculación xurídica ou o que hai non é suficiente para levar a cabo as devanditas inversións, non podendo ser obxecto de ampliación.*

**Por todo o anterior sometese ó Pleno da Corporación:**

**Primeiro:** *Declaración de urxencia dos gastos a realizar.*

**Segundo:** *Aprobación expediente nº 3/2010 de Concesión de Crédito extraordinario e suplemento de crédito segundo se detalla na presente Memoria-Proposta.*

**Terceiro:** *Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente. Vilagarcía de Arousa, 18 de agosto de 2010. A Alcaldesa”.*

*O Sr. Rivera Mallo indica que solicitou da Alcaldía acceder ós proxectos de obras que figuran no expediente, pero aínda non lhas facilitaron.*

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.S.de G- PSOE e B.N.G. informan favorablemente.*

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.P. , EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e, polo tanto, abstéñense.*

*En consecuencia, e por maioría, infórmase favorablemente o Expediente de modificación de créditos por crédito extraordinario N° 3/2010*

*- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que se van a tratar todos os temas xuntos, e son temas coñecidos por todos, son obras xa realizadas, así como a humanización dos cascos históricos, casa de cultura de Carril, beirarrúas, etc., homoxeneización das terrazas en base ao novo Regulamento.*

*Consideramos que son como outros compromisos feitos e realizados como Goberno, se a oposición o considera oportuno, permitir ao Goberno acudir ao préstamo que non é moito, pódese facer sen ningún problema.*

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que algunhas cousas cambiaron en canto á súa posición, ao Goberno hai que apertalo para que cumpra. Confirmou que algúns compromisos con IVIL se están programando a medio prazo, pero falta contestación a moitos outros temas, por fin accedeu ao expediente da praza de abastos e ao seu proxecto, vanse a empregar 1.000.000 de euros no seu lavado de cara e debe ser unha intervención definitiva. Non se deberían encargar os proxectos fóra cando hai técnicos municipais.

As obras da Praza de A Torre non se reanudaron e carecen de capacidade de xestión para os problemas formulados. Tomouse conciencia dos vertidos do Río do Con e por elo propón que se leven a cabo as seguintes propostas:

- Execución inmediata das obras de Saneamento de Fecais Rúa do Caravel.
- Execución inmediata obras de Mellora na Prazoleta de A Boura (A Torre).
- Consignación dunha cantidade no Orzamento de 2011 para a execución das obras na fachada do edificio nº 13 da Rúa Castelo (antiga seda da Comisaría do Corpo Nacional da Policía Nacional).
- Consignación dunha cantidade no Orzamento de 2011 para execución da 1ª Fase do Parque Público para Persoas Maiores en Vilaxoán.
- Paso peonil de acceso ao Cemiterio de Carril (urxente polo perigo que existe para os cidadáns).
- Solución inmediata á situación de edificacións, solares e fonte na Praza de Martín Gómez Abal. Limpeza e acondicionamento Rúa Preguntoiro – Vilaxoán e outras.
- Melloras en Abelle, Rúa Gandariña, Loenzo e outros, segundo o escrito de IVIL de data 26 de xuño de 2010 e anteriores.
- Conxelación de taxas e impostos municipais para o Exercicio de 2011.

Non se vai a opoñer ao PXOM, nin ao pago do Edificio Castelao, nin á realización de obras en Carril e Vilaxoán, e á Casa de Cultura de Carril, etc., e moito menos vai a permitir que se perdan subvencións de outras administracións.

En canto á homoxeneización de terrazas, as bases son moi mellorables e propón a seguinte emenda ás bases de subvención:

*Artigo 7: PRAZOS: Hai que fixar un novo prazo de presentación de solicitudes, toda vez que aínda non se publicou a convocatoria (fixábase o 31 de outubro).*

*Artigo 9.1. COMISIÓN DE VALORACIÓN: Deberá ampliarse con un representante de cada un dos grupos municipais (Comisión Informativa correspondente ou Xunta de Voceiros), un representante do sector e técnicos municipais.*

*Artigo 12.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A EVALUACIÓN DE SOLICITUDES:*

*1-A) Na última liña deste apartado di "... apartado 3 do artigo 6..." , debería dicir "... apartado 2 do artigo 6..."*

*Neste artigo debería preverse algún informe xurídico e/ou técnico en relación á avaliación de solicitudes presentadas.*

*Artigo 14.- XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS: Para unha mellor interpretación, o texto debería substituírse polo seguinte: "para cobrar a subvención deberase xustificar a inversión (subvención) de acordo co artigo (punto) seguinte".*

*Artigo 15.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA PARA A XUSTIFICACIÓN: Interpreta que non é necesario aportar extracto bancario, xa que este se trata dun documento absolutamente confidencial e reservado, de absoluta intimidade, sen que por tanto exista dereito a esixilo.*

*Podería acreditarse mediante cargo bancario ou xustificante de ingreso na conta corrente do Provedor, sinalando, no seu caso, o concepto a que correspondente o aboamento da cantidade.*

*Artigo 17.- NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS: Na liña cuarta do último parágrafo deste artigo faise referencia á Lei 38/22003 e entende que se trata da Lei 38/2003.*

Neste asunto debese ser xeneroso e intelixente e discrepa de determinados apartados da Ordenanza. Non vai a esixir dimisións e aconsella flexibilidade en canto a prazos e materiais.

- Contesta a Sra. Alcaldesa ao Sr. Rivera en relación cos temas indicados:

- Rúa Caravel, empezarán a traballar nese tema.
- Praza A Bouza, A Torre, están negociando o modificado coa empresa e vaise a facer.
- Orzamento 2011: Pavillón Castelao estarían interesados en arranxar tellado e fachada.
- Parque Persoas Maiores en Vilaxoán, están de acordo.
- Acceso Cemiterio de Carril, é un proxecto custoso e pedirase a colaboración de outras administracións.
- Edificios en Martín Gómez Abal, existen expedientes sancionadores abertos, en canto á limpeza e acondicionamento realizaranse.
- Melloras en Abelle, Loenzo, etc., vanse a acometer inmediatamente.
- Taxas e impostos municipais, queda recollido ese compromiso de conxelación.

- Intervén a Sra. Abuín Rodríguez dicindo que o debate das terrazas está aclarado a nivel público, non ten problema en aceptar as emendas ás bases das terrazas, e a competencia para aprobalas é a Xunta de Goberno Local pero as acepta no Pleno.

En canto aos prazos ata o 31 de outubro, a xustificación da liña de subvencións amplíase ata o ano 2011.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal de IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3)

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade da Sra. Alcaldesa **ACÓRDASE:**

**Primeiro:** A declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** A aprobación do expediente nº 3/2010 de Concesión de Crédito extraordinario e suplemento de crédito segundo se detalla na Memoria-Proposta da Alcaldía.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 4/2010.-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica – RR-HH e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de agosto de 2010, do seguinte teor:

*Dáse conta da Memoria da Alcaldía seguinte:*

*MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA INCLUÍDA NO EXPEDIENTE 4/2010 DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO MEDIANTE OPERACIÓN DE CRÉDITO.*

Tendo incoado expediente de concesión de crédito extraordinario número 4/2010 por importe de 40.744,82 euros que debe de financiarse mediante a concertación dunha operación de crédito, ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos relativos á: aportación municipal da obra **020/10 Parque público San Roque-Carril** correspondente ó Plan Provincial de Cooperación 2010, inversións que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, propoño a súa aprobación ó Pleno da Corporación, para o cal presento a seguinte:

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

*Elaborada segundo as prescricións do artigo 37.2 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril.*

*I A modificación de crédito da cal se propón a aprobación ó Pleno da Corporación é a de crédito extraordinario, dada a inexistencia de crédito no nivel de vinculación xurídica das partidas de imputación.*

*II As partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito mediante a presente modificación orzamentaria é a seguinte:*

PARTIDA ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO	TOTAL
171-60900	0,00	40.744,82	40.744,82

*III A financiación lograrase mediante a concertación dunha operación de préstamo.*

*IV A modificación de crédito irá destinada a financiar a seguinte inversión, e polo importe que de seguido se indica:*

*DENOMINACIÓN: PARQUE PÚBLICO SAN ROQUE-CARRIL (020/10)*

*IMPORTE: 40.744.82 euros*

*PRAZO DE EXECUCIÓN: anual*

*PARTIDA: 159-62700*

*FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.*

*V O carácter urxente e inaprazable do gasto a realizar xustifícase por estar esta obra incluída no Plan Provincial de Cooperación 2010 da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Trátase dun investimento financiado en parte con fondos procedentes de outros entes públicos, no que en todo caso estamos sometidos ó cumprimento duns prazos de xustificación.*

*A imposibilidade de demoralo ata o exercicio seguinte é evidente si temos en conta que a demora que se produciría na execución das obras prexudicaría ós servicios municipais e por elo ós habitantes do municipio, por non poder prestarse os servicios de xeito adecuado.*

*VI As partidas de imputación 171-60900 carecen de crédito a nivel de vinculación xurídica ou o que hai non é suficiente para levar a cabo as devanditas inversións, non podendo ser obxecto de ampliación.*

**Por todo o anterior sometese ó Pleno da Corporación:**

**Primeiro:** Declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** Aprobación expediente nº 4/2010 de Concesión de Crédito extraordinario segundo se detalla na presente Memoria-Proposta.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente. Vilagarcía de Arousa, 13 de agosto de 2010

*O Sr. Rivera Mallo indica que solicitou da Alcaldía acceder ós proxectos de obras que figuran no expediente, pero aínda non llas facilitaron.*

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.S.de G- PSOE e B.N.G. informan favorablemente.*

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.P. , EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e, polo tanto, abstéñense.*

*En consecuencia, e por maioría, infórmase favorablemente o Expediente de modificación de créditos por crédito extraordinario N° 4/2010*

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal de IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3)

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade da Sra. Alcaldesa **ACÓRDASE:**

**Primeiro:** A declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** A aprobación do expediente nº 4/2010 de Concesión de Crédito extraordinario e suplemento de crédito segundo se detalla na Memoria-Proposta da Alcaldía.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 5/2010.-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica. RR-HH e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de agosto de 2010, do seguinte teor:

*“Dáse conta da Memoria da Alcaldía seguinte:*

**MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA INCLUÍDA NO EXPEDIENTE 5/2010 DE CONCESIÓN DE CREDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO MEDIANTE OPERACIÓN DE CRÉDITO.**

*Tendo incoado expediente de concesión de crédito extraordinario número 5/2010 por importe de 250.000 euros que debe de financiarse mediante a concertación dunha operación de crédito, ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos relativos á: obra **011/10 2ª Fase Casa Cultura Carril** inversión que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, propoño a súa aprobación ó Pleno da Corporación, para o cal presento a seguinte.*

#### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

*Elaborada segundo as prescricións do artigo 37.2 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril.*

*I.- A modificación de crédito da cal se propón a aprobación ó Pleno da Corporación é a de crédito extraordinario, dada a inexistencia de crédito no nivel de vinculación xurídica das partidas de imputación.*

II.- As partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito mediante a presente modificación orzamentaria é a seguinte:

Partidas que se dotan de crédito extraordinario:

PARTIDA ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO	TOTAL
334-62200	0,00	250.000,00	250.000,00

III.- A modificación de crédito iría destinada a financiar a seguinte inversión, e polo importe que de seguido se indica:

1.-DENOMINACIÓN: 2ª FASE CASA CULTURA CARRIL.

IMPORTE: 250.000 euros

PRAZO DE EXECUCIÓN: anual

PARTIDA: 334-62200.

FINANCIACIÓN: Concertación operación de Préstamo.

IV.- O carácter urxente e inaprazable do gasto a realizar xustifícase, por ser necesario dar remate á obra de referencia, unha vez acometida a primeira fase do proxecto e estando esta fase finalizada.

A imposibilidade de demoralalo ata o exercicio seguinte é evidente si temos en conta que a demora que se produciría na execución das obras prexudicaría no só ós habitantes do municipio, senón tamén á propia obra que quedaría incompleta.

V.- As partidas de imputación 334-62200 carecen de crédito a nivel de vinculación xurídica ou o que hai non é suficiente para levar a cabo as devanditas inversións, non podendo ser obxecto de ampliación.

VI.- A financiación lograse mediante a concertación dunha operación de préstamo.

**Por todo o anterior sometese ó Pleno da Corporación:**

**Primeiro:** Declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** Aprobación expediente nº 5/2010 de Concesión de Crédito extraordinario segundo se detalla na presente Memoria-Proposta.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente.

Vilagarcía de Arousa, 13 de agosto de 2010

O Sr. Rivera Mallo indica que solicitou da Alcaldía acceder ós proxectos de obras que figuran no expediente, pero aínda non lhas facilitaron.

Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.S.de G- PSOE e B.N.G. informan favorablemente.

*Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.P. , EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e, polo tanto, abstéñense.*

*En consecuencia, e por maioría, infórmase favorablemente o Expediente de modificación de créditos por crédito extraordinario N° 5/2010*

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal de IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3)

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade da Sra. Alcaldesa **ACÓRDASE:**

**Primeiro:** A declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** A aprobación do expediente nº 5/2010 de Concesión de Crédito extraordinario e suplemento de crédito segundo se detalla na Memoria-Proposta da Alcaldía.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 6/2010.-** Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica, RR-HH e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de agosto de 2010, do seguinte teor:

*“Dáse conta da Memoria da Alcaldía seguinte:*

**MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA INCLUÍDA NO EXPEDIENTE 6/2010 DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO MEDIANTE OPERACIÓN DE CRÉDITO.**

*Tendo incoado expediente de concesión de crédito extraordinario número 6/2010 por importe de 88.500,00 euros que debe de financiarse mediante a concertación dunha operación de crédito, ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos relativos á obra **014/10 Transferencias de capital para Homoxeneización Terrazas**, inversión que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, propoño a súa aprobación ó Pleno da Corporación, para o cal presento a seguinte.*

#### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

*Elaborada segundo as prescricións do artigo 37.2 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril.*

*I.-A modificación de crédito da cal se propón a aprobación ó Pleno da Corporación é a de crédito extraordinario, dada a inexistencia de crédito no nivel de vinculación xurídica das partidas de imputación.*

*II.-As partidas do orzamento de gastos ás que se dota de crédito mediante a presente modificación orzamentaria é a seguinte:*

*Partidas que se dotan de crédito extraordinario:*

PARTIDA ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO	TOTAL
422-78000	0,00	88.500,00	88.500,00

III.-A modificación de crédito iría destinada a financiar a seguinte inversión, e polo importe que de seguido se indica:

**DENOMINACIÓN:** TRANSFERENCIAS DE CAPITAL PARA HOMOXENEIZACIÓN TERRAZAS.

**IMPORTE:** 88.500 euros

**PRAZO DE EXECUCIÓN:** Anual.

**PARTIDA:** 422-78000

**FINANCIACIÓN:** Concertación operación de Préstamo.

IV.- O carácter urxente e inaprazable do gasto a realizar xustifícase, por ser este un gasto necesario para dar cumprimento á Ordenanza reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras .

A imposibilidade de demoralalo ata o exercicio seguinte é evidente si temos en conta que a demora que se produciría na súa execución iría en contra da vontade política expresada na devandita ordenanza e dos acordos adoptados co sector.

V.- As partidas de imputación 422-78000 carecen de crédito a nivel de vinculación xurídica ou o que hai non é suficiente para levar a cabo as devanditas inversións, non podendo ser obxecto de ampliación.

VI.- A financiación lograse mediante a concertación dunha operación de préstamo.

**Por todo o anterior sometese ó Pleno da Corporación:**

**Primeiro:** Declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** Aprobación expediente nº 6/2010 de Concesión de Crédito extraordinario e segundo se detalla na presente Memoria-Proposta.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente.

Vilagarcía de Arousa, 13 de agosto de 2010

O Sr. Rivera Mallo indica que solicitou da Alcaldía acceder ós proxectos de obras que figuran no expediente, pero aínda non lhas facilitaron.

Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.S.de G- PSOE e B.N.G. informan favorablemente.

Os representantes dos Grupos Políticos Municipais do P.P. , EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e, polo tanto, abstéñense.

*En consecuencia, e por maioría, infórmase favorablemente o Expediente de modificación de créditos por crédito extraordinario N° 6/2010*

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membro do grupo político municipal de IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3)

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade da Sra. Alcaldesa  
**ACÓRDASE:**

**Primeiro:** A declaración de urxencia dos gastos a realizar.

**Segundo:** A aprobación do expediente n° 6/2010 de Concesión de Crédito extraordinario e suplemento de crédito segundo se detalla na Memoria-Proposta da Alcaldía.

**Terceiro:** Cumprir os tramites de exposición ó público segundo determina a lexislación vixente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa, levántase a sesión, sendo as once horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.